



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Que frase non está ben escrita?

- A) Nunca choveu que non escampara.
- B) Para buen traballador non hai ferramenta mala.
- C) Costa abaixo todos os santos axudan.
- D) Eche o que hai.

2. Cal destes refráns galego está ven escrito?

- A) O corazón e os ollos nunca son vellos.
- B) Estás na hora e non ves as verzas.
- C) Gasta en festas e vino o que lle has deixar o sobriño.
- D) Fachenda na casa e fame na plaza.

3. Que palabra non está relacionada cos cativos?

- A) Berce.
- B) Axouxere.
- C) Boneco.
- D) Lóstrego.

4. Onde hai auga correndo?

- A) Na vasoira.
- B) Na fervenza.
- C) Na anduriña.
- D) No petisco.

5. Que frase e a correcta?

- A) O meu irmán vai doar a súa sangue no mes de setembro.
- B) O meu irmán vai doar o seu sangue no mes de setiembre.
- C) O meu irmán vai doar a súa sangue no mes de septembro.
- D) O meu irmán vai doar o seu sangue no mes de setembro.

6. Que palabra non é galega?

- A) Gaiola.
- B) Meigallo.
- C) Caluga.
- D) Amanecer.

7. Cal destas palabras é un instrumento para fritir?

- A) omoplato
- B) culler
- C) tixola
- D) martelo

8. Que frase é a correcta?

- A) O paciente foi ao médico, e lle receiptáron xaxún, descanso e saír a pasear polo monte.
- B) O paciente foi ao médico, e receiptáronlle ayuno, descanso e saír a pasear polo monte.
- C) O paciente foi ao médico, e receiptáronlle xaxún, descanso e saír a pasear polo monte.
- D) O paciente foi ao médico, e receiptáronlle xaxún, descanso e saír a pasear polo monte.

9. Que frase é a correcta?

- A) Ten hepatitis, pero non sei que tipo. Mañá irá ao médico da quenda de tarde.
- B) Ten hepatite, pero non sei que tipo. Mañá irá ao médico da quenda de tarde.
- C) Ten hepatitis, pero non se que tipo. Mañana irá ao médico da quenda de tarde.
- D) Ten hepatite, pero non se que tipo. Mañá irá ao médico da quenda de tarda.

10. Cal destes refráns galegos está ben escrito?

- A) A auga de maio no fai daño.
- B) Cando as gaivotas bailan a muiñeira, hai que gardar o maiz na eira
- C) Cando chove por Santa Lucía, non hai sardina.
- D) Tras o veranciño de San Martiño, chega Nadal co seu inverniño.

Preguntas de reserva

1. Que frase non ten faltas?

- A) Na ponte verémonos todos os primos para decidir o que desayunaremos mañá.
- B) Na ponte verémonos todos os primos para decidir o que almorzaremos mañá.
- C) Na ponte verémonos todos os primos para decidir o que almorzaremos mañana.
- D) No ponte verémonos todos os primos para decidir o que almorzaremos mañá.

2. Cal destas palabras é incorrecta?

- A) Rabudo.
- B) Colo.
- C) Toxo.
- D) Volvoretta.